



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

**Bases de contratación que rexeran a convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal, tres encargados do manexo do vehículo motobomba do Concello de Vilar de Barrio, en cumprimento do convenio de colaboración suscrito entre a consellería do medio rural e do mar e o concello de Vilar de Barrio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículo motobomba para o exercicio 2018, firmado en data 8 de xullo de 2016:**

### PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de medio rural e do mar e o Concello de Vilar de Barrio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación de vehículo motobomba, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

| Ocupación                                 | Nº De Postos | Servizo obxecto do Contrato | Duración do Contrato       |
|---|--------------|-----------------------------|----------------------------|
| Encargado do manexo do vehículo motobomba | 3            | Anexo I das presentes bases | 3 meses (segundo convenio) |

A Selección dos/as Traballadores/as será mediante instancia presentada polos interesados no prazo sinalado nas presentes bases e polo sistema de concurso.

### SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato é CONTRATO TEMPORAL, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado, tempo completo.

O contrato temporal ten as seguintes características:

- Ocupación: Persoal encargado do manexo do vehículo motobomba.
- Servizo: **Anexo I** das presentes bases.
- Xornada: xornada completa. O persoal encargado do manexo do VMB deberá manter operativo o vehículo motobomba polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a vixencia do convenio.
- Retribucións: 982,53 € brutos/mes, incluída a parte proporcional da paga extra que lle corresponda.

### TERCEIRA.- Condicións de admisión dos aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos :

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o preveña o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaioito anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

g) Posuír o permiso de conducir tipo C.

Tódolos requisitos deberán estar en posesión dos solicitantes o día que presenten a instancia no rexistro de concello.

### CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos

Os interesados poderán presentar as solicitudes no rexistro xeral do Concello de Vilar de Barrio, en horario de 9:00 a 14:00 horas, no prazo de cinco días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, Procedemento Administrativo Común. Neste caso, os/as aspirantes deben remitir copia do rexistro de entrada (na que conste a data do rexistro) mediante correo electrónico ó concello de Vilar de Barrio durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. O correo electrónico do concello é: [concellovilardebarrio@gmail.com](mailto:concellovilardebarrio@gmail.com).

As solicitudes axustaranse ó modelo que se inclúe nas bases como **Anexo II**.

Xunto coas instancias presentaranse os orixinais ou copias compulsadas dos documentos que acrediten os méritos que se aducen (**Anexo IV**), así como do D.N.I., declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade e declaración de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo (**Anexo III**).



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

### **QUINTA. Admisión de aspirantes**

Despois da presentación das instancias no rexistro do Concello en prazo, a Alcaldía ditará unha resolución, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Vilar de Barrio e na páxina web, indicárase un prazo de 2 días hábiles para posibles reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten e elevará, no seu caso, a definitiva a lista de admitidos e excluídos.

### **SEXTA. Tribunal cualificador**

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Funcionario do Concello de Vilar de Barrio.
- Vogais: -Axente de emprego e Desenvolvemento Local.
  - Funcionario do concello
  - Persoal laboral.
- Secretaria: A do Concello, que actuará con voz e sen voto.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Excmo. Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo referido. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

### **SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso**

Tendo en conta as especiais características dos postos e a súa temporalidade, estímase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida.



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

### MÉRITOS

#### 1. Experiencia profesional, ata un máximo de 16 puntos:

Servizos realizados nas tarefas de extinción de incendios forestais na Administración Local, con contratos na Administración Local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,25 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Vilar de Barrio, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo subscrito para o efecto.

Servizos realizados nas tarefas de extinción de incendios forestais noutra Administración Pública distinta da Local, con contrato na Administración e referidos ós últimos 10 anos: 0,15 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo subscrito para o efecto.

Servizos realizados nas tarefas de extinción de incendios forestais en empresas públicas ou privadas e referidos ós últimos 10 anos: 0,05 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo subscrito para o efecto.

#### 2. Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

2.a) Menos de 15 horas: 0,10 puntos.

2.b) De 15 a 39 horas: 0,20 puntos.

2.c) De 40 a 79 horas: 0,30 puntos.

2.d) De 80 a 159 horas: 0,50 puntos.

2.e) Mais de 160 horas: 0,75 horas.

#### 3. Coñecemento do idioma galego: Computándose unicamente o grao superior alegado, máximo 1 punto, e concédese validez polos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

3.a) Celga 1: 0,25 puntos.

3.b) Celga 2: 0,50 puntos.

3.c) Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,75 puntos.

3.d) Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 1,00 puntos.

#### 4. Inscripción como demandantes de emprego: Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1 punto: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

achegada (non será admitida como acreditación a tarxeta de demandante de emprego, a de renovación, nin o certificado de vida laboral).

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores (**máximo 20 puntos**), de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores (Do 1 ao 4).
- 2) Solicitante de maior idade.

### **OITAVA. Relación de candidatos e realización de recoñecemento médico e proba de esforzo.**

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes ao posto de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web; os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Así mesmo e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos/as que non acaden a puntuación precisa para ser propostos/as para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

**Os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, segundo recomendación técnica sobre procedementos de selección de persoal para a extinción de incendios forestais prevista na pág. Web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física.**

De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

### **NOVENA. Incidencias**

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases. Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Vilar de Barrio ante o alcalde do Concello de Vilar de Barrio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Vilar de Barrio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

---

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

---

En Vilar de Barrio, o Alcalde,  
Julio Pérez Carballo.  
Documento asinado dixitalmente



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

### ANEXO I SERVIZO OBXECTO DO CONTRATO

De acordo co convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio rural e do Mar e o Concello de Vilar de Barrio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba o servizo obxecto do contrato radica nos seguintes puntos:

-O persoal encargado do manexo do vehículo motobomba realizará labores de prevención e defensa contra os incendios forestais sempre que non sexan requiridos para a extinción destes.

-O vehículo motobomba debe manterse operativo durante cada un dos meses de vixencia do convenio, polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a vixencia do convenio.

-Por outra banda, debe garantirse a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento do VMB para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ó que pertenza o Concello.

-A acción do vehículo motobomba integrárase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación do VMB na extinción de incendios forestais respecto doutros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ó previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

### ANEXO II MODELO DE INSTANCIA

Solicitude para participar na selección mediante concurso de méritos na contratación de persoal laboral, tres encargados de manexo do vehículo motobomba do Concello de Vilar de Barrio en cumprimento do convenio de colaboración subscrito entre a consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Vilar de Barrio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación do vehículo motobomba.

#### Datos Persoais

Primeiro Apelido

Segundo Apelido

Nome

DNI

Teléfono Fixo

Teléfono Móbil

Domicilio a efectos de comunicacións:

Municipio C.P.

Provincia

#### Declaro:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 3) Que autorizo ó Concello de Vilar de Barrio para a publicación dos meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vilar de Barrio, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse no procedemento de selección.

#### Solicito:

**-Ser admitido no proceso selectivo achegando ó presente escrito ós méritos para ser valorado.**

**En Vilar de Barrio, a                    de                    de                    2018.**





## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

### ANEXO III MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, e  
domicilio para efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_ ,

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

**PRIMEIRO.-** Que reúno os requisitos desta convocatoria:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaoto anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

g) Posuír o permiso de conducir tipo C.

**SEGUNDO.** Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección de tres encargados do manexo do vehículo motobomba do Concello de Vilar de Barrio, non padecendo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo.

En Vilar de Barrio, .....de.....de 2018

O Solicitante,



## CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C  
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. [oficinas@vilardebarrio.com](mailto:oficinas@vilardebarrio.com)

### ANEXO IV RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS

| <b>EXPERIENCIA PROFESIONAL</b>   |   |                                 |               |                           |
|--|---|---------------------------------|---------------|---------------------------|
| <b>Servizos realizados en tarefas de extinción de incendios forestais.</b> |   |                                 |               |                           |
| Categoría  | Administración local/outras administracións públicas/empresas públicas ou privadas. | Duración contrato ou nomeamento | Inicio/remate | Xornada completa /parcial |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |
|  |   |                                 |               |                           |

| <b>FORMACIÓN</b> |              |                    |       |
|------------------|--------------|--------------------|-------|
| Nº de Orde       | Denominación | Centro impartición | Horas |
|                  |              |                    |       |
|                  |              |                    |       |
|                  |              |                    |       |
|                  |              |                    |       |
|                  |              |                    |       |
|                  |              |                    |       |
|                  |              |                    |       |

| <b>IDIOMA</b>              |
|----------------------------|
| CURSO TÍTULO HOMOLOGACIÓN: |

| <b>INSCRIPCIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO</b> |            |
|---|------------|
| INSCRIPCIÓN EXPEDIDA INEM                     | Nº DE DIAS |
|   |            |

VILAR DE BARRIO, A .....DE.....DE 2018.  
O SOLICITANTE,